




Aos camiñantes da ruta sur do Camiño de Santiago non os para nin o frío nin a chuvía.

## Os Amigos do Camiño editarán unha guía Recoñecemento oficial

MÓNICA G. BELLVER

**E**ditar a Guía do Camiño de Santiago por Valdeorras, reaudar a plantación de árbores frutais e a realización de varias excursións, son os obxectivos que se marcan dende a Asociación de Amigos do Camiño, que cada vez ve máis próxima a declaración oficial da variante Sur ou de Inverno da Ruta Xacobeá. "O Vaticano xa incluíu o Camiño de Inverno nas rutas e de feito xa teñen pasado por aquí franceses e italianos" asegura o presidente da asociación Ramón García, quen asegura que dende a Dirección Xeral de Turismo se teñen amosado moi receptivos neste aspecto e incluso se comprometeron a editar a guía, "temos que facer o estudo e presentarlle un proxecto pero a idea está aí. Agora estamos bastante seguros de que isto vai para adiante e de que só é



Ramón García, presidente da asoc.

cuestión de tempo porque en Xagoaza van construír un albergue para peregrinos, igual que en Rodeiro e no Bierzo, o cal significa algo", continúa García visiblemente animado.

Dende o colectivo, que leva anos reivindicando a inclusión do Camiño Sur nas guías xacobeas, non deixan de facer viaxes e excursións retando ao mal tempo. Dúas das últimas levaron aos camiñantes ata o Barranco

Rubio e dende Vilamartín ata o Aguillón, "a subida ata o mirador foi a primeira e esperamos facer unha cada ano porque tivo moito éxito" informa Ramón García. De feito foron unhas 70 persoas as que finalizaron o empinado ascenso. No caso do traxecto que separa Vilamartín da Rúa, foi unha vintena de persoas a que o completou.

De cara aos vindeiros meses teñen programadas outras saídas: á exposición *Las edades del hombre* en Ponferrada, un día sabático no balneario de Ferreira de Pantón, visita ás covas de Valporquera e diferentes percorridos, aínda sen concretar, polos Ancares e O Caurel.

Outro dos obxectivos que se marcan dende a asociación é reaudar a plantación de árbores frutais, "entre A Rúa e o límite con Lugo e tamén Xagoaza, temos pensado poñer pavieiras, cerdeiras, maceiras e amendoeirras anque temos que esperar que nos concedan unha subvención que temos solicitada".